


ACTA DE REALIZACIÓN DA PROBA SELECTIVA




En Coirós, a 20 de xuño de 2023

Reunidos no Centro de Servizos Sociais de Coirós (A Coruña), ás 09.30 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes a prover temporalmente a praza de seis monitores/as de tempo libre para o programa Concilia 2023 deste Concello, son:

- D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, Presidente do Tribunal.
- D^a. Raquel Montero González, Vogal do Tribunal.
- D^a. Paula Boado Presas, Vogal e Secretaria do Tribunal (con voz e voto)


Constituído o Tribunal cualificador, no día de hoxe e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citadas prazas acórdase proceder á realización da proba.



Consistirá nunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio teórico de 20 preguntas tipo test e un exercicio práctico consistente en desenvolver un tema ou cuestión (60 minutos) relacionada cos temas do listado 1, que se achegan.

A valoración da proba teórica será de 1 punto cada resposta acertada, e diminuírase en 0,25 puntos cada resposta errada, debendo acadar unha puntuación mínima de 10 puntos.


A valoración da proba práctica será de 20 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 10 puntos.



Procédese ao chamamento das aspirantes para a realización da proba, para o cal se solicita a exhibición do Documento Nacional de Identidade de cada persoa presentada aos efectos de comprobación da súa identidade.


Aténdese a solicitude telefónica de Ariadna Paz Vázquez, con DNI XX.XXX.068-Y que por cuestións persoais non pode presentarse no día de hoxe á proba e posponse para o día de xuño ás 9,30 horas.

Comparece para a realización do primeiro exame as seguintes aspirantes:




Número	Apelidos e Nome	DNI
1	Cortés González, María José	XX.XXX.901N
2	Gende Bestilleiro, Uxía	XX.XXX.580E
3	López López, Andrea	XX.XXX.493C
4	Medín Pita, Cristina	XX.XXX.406W
5	Suárez Sánchez, Rosalía	XX.XXX.642K

Unha vez realizado o exame tipo test e feitas as correccións necesarias, a puntuación das aspirantes é a seguinte:



Número	Apelidos e Nome	PUNTOS EXAME
1	Cortés González, María José	16,25
2	Gende Bestilleiro, Uxía	10
3	López López, Andrea	15,25
4	Medín Pita, Cristina	15
5	Suárez Sánchez, Rosalía	16,75

O Tribunal constata a superación deste exercicio polas aspirantes, polo que pasan a realizar o seguinte. Procédese á realización da proba práctica, na que as aspirantes acadan unha puntuación de:



Número	Apelidos e Nome	PUNTOS PRÁCTICO
1	Cortés González, María José	15
2	Gende Bestilleiro, Uxía	20
3	López López, Andrea	13
4	Medín Pita, Cristina	16
5	Suárez Sánchez, Rosalía	20

Considerase superada a proba práctica, polo que as puntuacións finais son as seguintes:

Número	Apelidos e Nome	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Cortés González, María José	31,25
2	Gende Bestilleiro, Uxía	30
3	López López, Andrea	28,25
4	Medín Pita, Cristina	30
5	Suárez Sánchez, Rosalía	36,75

Á vista do anterior o Tribunal, por unanimidade, acorda propoñer ao Sr. Alcalde-Presidente a contratación das aspirantes:

Cortés González, María José

Gende Bestilleiro, Uxía

Huertas López, Lorena

López López, Andrea


Medín Pita, Cristina

Suárez Sánchez, Rosalía

Paz Vázquez, Ariadna

O Presidente da por rematada a reunión ás dez horas e cuarenta e cinco minutos, do que eu, Secretaria, dou fe.

PRESIDENTE



SECRETARIA



VOCAL

